

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATACIÓN

### **1. SERVIZO OU DEPARTAMENTO QUE PROPÓN A CONTRATACIÓN E Ó QUE VAI DIRIXIDA A PRESTACIÓN NA QUE SE CONCRETA O CONTRATO.-**

AREA DE MEDIO AMBIENTE, ZONA RURAL, OBRAS E SERVIZOS\_

NEGOCIADO DE CULTURA.

### **2. PRESTACIÓN DA QUE SE PROPÓN A CONTRATACIÓN (OBXECTO DO CONTRATO).-**

Substitución da unidade exterior da bomba de calor do Teatro Jofre.

Especificamente, segundo o proxecto preténdese a : *“Subministración dunha unidade exterior compacta aire aire, tipo unidade exterior compacta aire aire, RoofTop, condensado por aire, para ser instalada no lugar da existente, na cuberta do edificio, polo que os licitadores deberán ter en conta as posibilidades de instalación dos equipos ofertados, e a súa compatibilidade total coas instalacións existentes. A máquina estará pensada para climatizar locais de amplas dimensións cunha máquina que teña en conta as posibilidades de instalación na ubicación actual e as necesidades de espazo para o mantemento futuro da máquina. A tal efecto, os licitadores poderán visitar ás instalacións previa solicitude.”*

### **3. NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE CO CONTRATO PROXECTADO, E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO E REALIZACIÓN DOS FINES INSTITUCIONAIS DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN COA SATISFACCIÓN DESTA NECESIDADE (Competencia Municipal).-**

O Teatro Jofre constitúe, co Auditorio, o principal equipamento cultural do Concello. Dende hai tempo, ven arrastrando problemas coa climatización que remataron coa avaría da instalación. Analizadas as causas que motivan o problema conclúese que é preciso proceder á substitución da unidade exterior da bomba de calor.

De acordo có informe do xefe do servizo de cultura, Educación, Deportes e Turismo de data 13 de xuño de 2024: *“Nos termos indicados pola área de Patrimonio no informe adxunto ao expediente, o Teatro Jofre é un ben de propiedade municipal, tendo o carácter de ben de servizo público.*

*A adscrición deste ben correspondeulle á área de Cultura, a cal realiza nel gran parte da programación cultural de cada exercicio.*

*Para o desenvolvemento de dita labor de uso e xestión do Teatro Jofre esta área apoiase na contratación con terceiros da xestión do servizo (persoal técnico, azafatas, etc.) sen que en ningún caso o dito contrato implique a realización de inversión.*

*Por outra banda, como antes se sinalou, a programación cultural abarca a totalidade do exercicio, polo que é imprescindible que o espazo estea dotado da maquinaria que permita a climatización do mesmo, garantindo a comodidade dos espectadores durante o desenvolvemento dos distintos espectáculos/concertos programados.*

*En definitiva, a adquisición da bomba de calor para o Teatro Jofre é imprescindible para que as funcións ás que está adscrita o dito inmovible poidan ser axeitadamente desenvolvidas, entendéndose que a dita compra - en termos de competencias- deriva das obrigas que corresponden a este Concello en virtude do citado artigo 25.2 letra m) da lei 7/85 das bases de réxime local.”*

Asemade, e sen prexuízo das especificidades sinaladas no Regulamento de Bens das Entidades Locais, con carácter xeral a Ley 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, sinala no seu artigo 28 que as Administracións públicas están obrigadas a protexer e defender o seu patrimonio.

#### **4. IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACER AS NECESIDADES QUE PRETENDEN CUBRIRSE.-**

O teatro Jofre constitúe, co Auditorio, o principal equipamento cultural do Concello. Dende hai tempo, ven arrastrando problemas coa climatización que remataron coa avaría da instalación. Analizadas as causas que motivan o problema, conclúese que é preciso proceder á substitución da unidade exterior da bomba de calor, por presentar varias deficiencias que se repiten no tempo. O elevado importe da máquina, xunto coa instalación precisa, motiva a elaboración do PPT que rexerán no procedemento de contratación para a adquisición dunha unidade exterior da bomba de calor do teatro Jofre.

Tendo en conta que este expediente xa se tiña iniciado pero que foi preciso a actualización do prego así como a reformulación de toda a documentación administrativa.

#### **5. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DOS MOTIVOS VÁLIDOS PARA A NON DIVISIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO EN LOTES, de acordo co establecido no artigo 99.3 LCSP.-**

Segundo o indicado no informe ao prego de prescricións técnicas, dado que “*Soamente se subministra un equipo. Non procede a división en lotes.*”

#### **6. XUSTIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN PROPOSTO, cando sexa distinto do procedemento aberto ou restrinxido E/OU XUSTIFICACIÓN DAS RAZÓN QUE HABILITAN A TRAMITACIÓN URXENTE OU ANTICIPADA DO EXPEDIENTE, de acordo co establecido no artigo 119 LCSP e DA 3ª.2, respectivamente.-**

Sinala a Disposición Adicional 3ª da LCSP que regula as normas específicas de contratación pública nas Entidades Locais, no seu punto segundo que se poderán tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material teña que comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxo financiamento dependa de un préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que teñen que financiar o contrato correspondente.

Aos efectos de que o órgano de contratación motive,se así o considera, a tramitación anticipada do contrato coa condición indicada no parágrafo anterior a contratación financíase con préstamo, polo que se atopa dentro dos supostos habilitantes para a tramitación anticipada previstos na DA 3ª.2 da LCSP.

Ferrol, na data e hora asinados dixitalmente

A xefa do servizo de Medio Ambiente, Zona Rural, Servizos e Obras.

Conforme,  
O Concelleiro delegado da Área de Medio Ambiente,  
Servizos, Zona Rural e Obras